

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 31 DE OUTUBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun resto da estrada LU-540 (antiga estrada C-640), que vai desde o p.q. 10 + 310 ata o entroncamento coa LU-P-3809, máis o terreo comprendido dentro deste treito, a prol do Concello de Oourol.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa de San Martiño de Moaña e o Belén Artesanal en Movemento de Valga.
- Acordo polo que se aproban os resultados da actividade de loita contra os incendios forestais, desenvolvida no PLADIGA 2013 pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2012.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) á contratación do alugamento e mantemento de dúas depuradoras de osmose inversa para a depuración de lixiviados nas instalacións de Areosa (NC0009/2013), por un valor estimado de cinco millóns oitocentos trinta e cinco mil oitocentos vinte e cinco euros (5.835.825,00 euros sen IVE).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do contrato-programa entre a Xunta de Galicia e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas para o desenvolvemento de programas de I+D+i, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o III mecanismo de Pagamento a Provedores habilitado polo Goberno central.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución das axudas, convocadas pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre as actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns 2010-xuño 2013.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA LU-540 (VIVEIRO-CABREIROS), A PROL DO CONCELLO DE LUCENSE DE OUROL

- *Trátase dun tramo situado entre o punto quilométrico 10+310 ata o entroncamento coa LU-P-3809, máis o terreo comprendido dentro deste tramo*
- *Cabe sinalar que para a execución das obras do aparcadoiro, calquera actuación realizada na zona de incidencia da estrada LU-540, deberá ser autorizada previamente pola delegación da AXI de Lugo*
- *A entrega do treito formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación do Decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto de cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica LU-540 (Viveiro-Cabreiros), a prol do Concello lucense de Oourol. Trátase dun tramo da antiga C-640 situado entre o punto quilométrico 10+310 e o 11+850, onde entronca coa LU-P-3809, estrada pertencente á Deputación de Lugo, pola súa marxe esquerda. Ademais, solicítase terreo para unha zona de aparcadoiro no contorno do p.q.:11+190 da mesma estrada autonómica.

O Concello de Oourol, en maio deste ano, solicitou o cambio de titularidade do treito referido, que actualmente é de titularidade autonómica. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.


O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Compromisos

O Concello de Lucense de Oourol deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento. Ademais, correspóndelle ao municipio, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Cabe sinalar que para a execución das obras do aparcadoiro, calquera actuación realizada na zona de incidencia da estrada LU-540, como plantación de especies arbóreas, movemento de terras ou modificación da escorrenta, deberá ser autorizada previamente pola delegación da AXI de Lugo.

A entrega do treito formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega.



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA AS FESTAS DO SAN MARTIÑO EN MOAÑA E PARA O BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO DE VALGA

- *As festas cumpren os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Con estas declaracións, a Comunidade conta xa con 95 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa do San Martiño, en Moaña, e o Belén Artesanal en Movemento, en Valga.

A proposta de declaración de festas de Galicia de interese turístico está ao abeiro do disposto no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico. De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do citado Decreto 39/2001, unha vez examinadas as solicitudes presentadas e emitidos os preceptivos informes polas delegacións territoriais, reuniuse a comisión de valoración o 15 de outubro de 2013.

Na citada comisión valóranse as solicitudes presentadas de acordo cos requisitos de antigüidade mínima de dez anos, a súa singularidade e orixinalidade, así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Así mesmo, tivéronse en conta criterios como a afluencia de visitantes, calidade dos actos que configuren a celebración, a creatividade e o coidado dos contornos paisaxísticos, urbanos e monumentais.

A Festa de San Martiño, referencias históricas do século XII

En concreto, na Festa do San Martiño obsérvase que a celebración ten un fondo arraigamento, xa que existen referencias históricas desde o século XII, no que se consagrou a igrexa ao redor da cal se procesiona. Trátase dunha das máis importantes festas de toda a península do Morrazo.

Por outra banda valórase o número de visitantes (5.000 por día) que forman parte desta festa, na que se engade ao valor relixioso, o feito de ser a recreación dunha festa de orixe rural e na que se levan a cabo distintas actividades como concertos musicais e actos culturais paralelos, tales como exposicións ou teatro, e todo isto nun concello cun amplo patrimonio cultural, etnográfico e turístico.

O Belén Artesanal en Movemento máis grande de Galicia

O Belén Artesanal en Movemento ten un carácter artesanal na súa confección, unha gran variedade de escenas nas que se recrean non só o Nacemento, senón tamén costumes e oficios representados por personaxes coñecidos da vila, persoeiros famosos e ilustres, que habitan unha paisaxe con distintos microclimas dentro dun espazo de enormes dimensións que o fan o máis grande de Galicia. Todos estes aspectos orixinais fan indubidable a súa singularidade que atrae unha grande afluencia de público, así nas últimas edicións estímase unha afluencia de 40.000 persoas.

Outros elementos que hai que ter en conta son o carácter popular e participativo desta festa, en que destaca o traballo, entusiasmo e dedicación de moitos veciños, así como o dobre valor cultural que posúe, por unha parte contribúe a manter a tradición belenista e por outra destaca a vertente formativa amosando oficios xa desaparecidos.

A declaración de festas de Galicia de interese turístico ten carácter indefinido. A declaración comportará a súa inscrición autonómica no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 95 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.

A POLICÍA AUTONÓMICA AUMENTOU NUN 30% OS EFECTIVOS CONTRA O LUME E NUN 150% OS IMPUTADOS COMO PRESUNTOS INCENDIARIOS

- *Na campaña de verán 269 axentes estiveron despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras dos lumes*
- *O traballo policial de campo complétase co dos grupos de investigación especializados na identificación de presuntos pirómanos*
- *No que vai de ano os axentes realizaron máis de 8.000 inspeccións oculares, preto de 7.500 identificacións e consultaron máis de 7.600 matrículas de vehículos*

A Policía Autonómica incrementou nun 30 por cento os efectivos de loita contra os incendios e nun 150 por cento o número de persoas imputadas e detidas como presuntos incendiarios durante este verán en comparación co mesmo período do ano anterior, que coincide coa vixencia do PLADIGA. Así se reflicte no informe de actividade da Unidade de Policía adscrita á Comunidade Autónoma, no que se pon de manifesto que o aumento de recursos comporta unha maior eficacia na prevención e loita contra os lumes.

Segundo o balance do PLADIGA 2013 que aprobou hoxe o Consello da Xunta, entre os meses de xullo e outubro un total de 269 axentes da Policía Autonómica -63 axentes máis que no mesmo período do ano pasado- estiveron despregados polos montes galegos co obxecto de previr os incendios forestais, controlar a actividade incendiaria, investigar os lumes e deter os presuntos pirómanos.

Este aumento de operativos -pese a incrementarse tamén o número de incendios e a superficie queimada- traducíuse tamén nuns mellores resultados en canto a imputacións e detencións de presuntos incendiarios. Un total de 40 persoas (23 delas relacionadas con negligencias e 17 con lumes intencionados) foron imputadas este verán fronte a 16 persoas no verán de 2012. Outro dos aspectos que hai que ter en conta é a ratio de imputados intencionados sobre o total (pasa dun 37,5% en 2012 a un 42,5% este ano), debido as repercusións xudiciais que teñen. Por contra, a porcentaxe de imputados por actuacións negligentes baixou do 62,5% en 2012 ao 57,5% do total este ano.

O Plan de loita contra os incendios forestais en Galicia prevé cada ano a colaboración específica do persoal da Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA), en tarefas tanto relativas á prevención de lumes como á posterior investigación destes, de xeito que se poidan deter os presuntos autores.

Unha das prioridades dos axentes é a prevención e, neste caso, a soa presenza policial en zonas conflictivas xa ten de por si un efecto disuasorio. A vixilancia tamén inclúe a

detención de focos de inicio de lumes, a alerta e colaboración cos medios de extinción, a identificación de persoas sospeitosas e a captación de información entre os cidadáns.

O traballo policial de campo complementábase co labor dos grupos de investigación integrados por policía especializada que se encargan das inspeccións oculares, identificación e tomas de declaración a testemuñas, de recompilar probas indiciarias e da elaboración de atestados.

Precisamente, na tempada de verán, os efectivos policiais realizaron máis de 3.700 inspeccións oculares (frente ás 1.200 de 2012), unhas 4.800 identificación de persoas (no mesmo período do ano pasado foron 1.800), e 6.500 consultas de matrículas (2.300 no pasada tempada). Neste período tamén se tramitaron 784 denuncias por queimas e invasión de franxas de seguridade, entre outras, fronte ás 172 tramitadas no verán de 2012.

A Policía Autonómica ten establecido un plan de traballo en materia de incendios vixente para todo o ano, con equipos permanentes de prevención e investigación de lumes forestais. Non obstante, esta actividade refórzase nos meses que a priori resultan especialmente críticos e que coinciden coa vixencia do PLADIGA.

Balance anual

O balance da Policía Autonómica tamén recolle datos das actuacións anuais deste corpo en materia de incendios que dan conta da magnitude do traballo que desenvolve. Neste senso, no que vai de ano os axentes realizaron máis de 8.000 inspeccións oculares, procederon á identificación de preto de 7.500 persoas e consultaron máis de 7.600 matrículas de vehículos.

Así mesmo, con cifras de 25 de outubro, os efectivos policiais imputaron un total de 101 persoas como presuntos incendiarios e lograron esclarecer 187 lumes. No que vai de ano tamén tramitaron preto de 1.400 denuncias fronte as 519 tramitadas en todo o 2012.

A CONTA XERAL RATIFICA QUE A XUNTA DE GALICIA CUMPRIU NO ANO 2012 O OBXECTIVO DE DÉFICIT

- *A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 1,29% do PIB, cinco puntos e medio menos que a media das autonomías, que foi do 1,84%*
- *A Administración autonómica reafirma o seu compromiso para axustarse este ano e en 2014 ao déficit autorizado polo CPFF*
- *Galicia é segunda comunidade con menor déficit acumulado dende 2009, o 6%, moi por baixo da media, que se situou no 10,2%*
- *A Xunta mantén unha media de pago no entorno dos 30 días e non acudirá ao novo plan estatal de pago a provedores, polo que evita facer un plan de axuste adicional*

A Conta Xeral da Comunidade galega ratifica que a Xunta cumpriu en 2012 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 1,29% fronte ao 1,84% de media das comunidades autónomas.

A conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, presentou hoxe ante o Consello da Xunta a Conta Xeral correspondente ao ano pasado, na que se sinala que Galicia rematou o exercicio 2012 cun déficit de 710 millóns de euros en termos de Contabilidade Nacional. A Conta Xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a norma en vigor.

Ademais, o Goberno autonómico reafirmou o seu compromiso co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para este ano, fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para a Comunidade galega no 1,2% do PIB. E a Xunta tamén mantén a súa intención de cumprir o obxectivo marcado para todas as comunidades autónomas para 2014, que será do 1% do PIB.

Nos últimos catro anos Galicia situouse como a segunda comunidade cun menor déficit público acumulado, un 6%, fronte a un 10,2% que tiveron de media o conxunto das comunidades. Isto foi posible grazas ao traballo de redución progresiva do déficit realizado en Galicia, o que permitiu que o PIB galego rexistrase en 2012 a segunda mellor evolución de toda España.

Galicia non acudirá ao Plan de pago a provedores

Galicia mantense entre as comunidades autónomas que está a pagar as súas obrigas con máis axilidade neste 2013, cunha media de pago a provedores de 31 días, e non se acollerá ao novo plan de pago a provedores habilitado pola Administración central para as comunidades con problemas de liquidez.

Segundo reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, Galicia non precisará acudir ao novo plan de pago a provedores. Este mecanismo de axuda, regulado no Real Decreto-Lei 8/2013, está dotado con 8.200 millóns de euros e súmase aos 18.637 millóns que incluían as dúas primeiras fases deste mecanismo, ata superar os 26.800 millóns de euros.

O feito de non acollerse ao plan de pago a provedores evitará que a Comunidade galega teña que facer un plan de axuste adicional, que si estarán obrigadas a presentar todas as comunidades autónomas que solicitan a adhesión a este novo plan.

Neste mecanismo de axuda habilitado polo Goberno central só se poden incluír obrigas de pago cos provedores contraídas antes do 31 de maio de 2013, e a Xunta de Galicia non ten obrigas pendentes de pago anteriores a esa data.

Deste xeito, Galicia é a única comunidade do réxime xeral que non utilizou os distintos mecanismos aprobados pola Administración central para axilizar o pago aos provedores en comunidades con problemas de liquidez. Tamén é unha das poucas comunidades que non precisou acollerse ao Fondo de Liquidez Autonómica (FLA).

A situación financeira da Comunidade galega está permitindo reforzar o autogoberno, actuando con máis autonomía na toma das súas decisións.

SOGAMA LICITA, POR 5,6 MILLÓNS O ALUGAMENTO E MANTEMENTO DE DÚAS DEPURADORAS DE OSMOSE INVERSA PARA O VERTEDOIRO CONTROLADO DE AREOSA

- *O contrato, para un período inicial de tres anos, poderá ser prorrogado ata un máximo de catro, e prevese, a maiores, unha prórroga excepcional dun ano*
- *Nel inclúense dúas partidas económicas: un prezo fixo mensual, no que se integra, ademais doutros custos, o alugamento das dúas máquinas, a instalación eléctrica e conexións, así como a súa posta en marcha e desmontaxe; e un prezo variable en función dos metros cúbicos depurados*
- *As dúas depuradoras serán similares e traballarán de forma independente. Serán subministradas polo provedor en contedores ao fin de permitir a súa mobilidade e cambio de localización, en caso de ser necesario*
- *Terán unha capacidade mínima de depuración de 180 metros cúbicos diarios de lixiviado cada unha, cun rendemento mínimo do 65 por cento e unha dispoñibilidade mínima mensual do 90 por cento e anual do 92 por cento*
- *Controlaranse de forma diferenciada e automática por medio dun sistema tipo SCADA, que contará cun rexistro de datos histórico con capacidade de almacenamento para un período de tempo non inferior a un ano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que a Sociedade Galega do Medio Ambiente saca a concurso público, por un importe de 5.649.078,60 euros (IVE incluído), o alugamento e mantemento, tanto preventivo como correctivo, de dúas depuradoras de osmose inversa para o vertedoiro controlado de Areosa (Cerceda), onde se procesan os residuos urbanos que non poden ser tratados no complexo ambiental por falta de capacidade.

O contrato, establecido para un período inicial de tres anos, poderá ser prorrogado ata un máximo de catro, e prevese igualmente unha prórroga excepcional dun ano. Nel inclúense dúas partidas económicas: un prezo fixo mensual, no que se integra, ademais doutros custos, o alugamento das dúas máquinas, a instalación eléctrica e conexións, así como a súa posta en marcha e desmontaxe; e un prezo variable en función dos metros cúbicos depurados.

Características das máquinas e sistemas de depuración

As dúas máquinas, que substituirán dúas das instaladas nestes momentos, serán similares e traballarán de forma independente serán subministradas polo adxudicatario en contedores co fin de permitir a súa mobilidade e cambio de localización se fose necesario.

Cada unha terá unha capacidade mínima de depuración de 180 metros cúbicos diarios de lixiviado, cun rendemento mínimo do 65 por cento, e unha dispoñibilidade mínima mensual do 90 por cento e anual do 92 por cento.

Ambas serán controladas de forma diferenciada e automática por medio dun sistema tipo SCADA, que contará cun rexistro de datos histórico (caudais, presión, temperatura ...) con capacidade de almacenamento para un período de tempo non inferior a un ano. Tanto o proceso de acondicionamento do lixiviado, como o do permeado e concentrado consideraranse independentes, e poden ser rexistrados de forma paralela e coordinada.

As depuradoras disporán de sistemas de tanques para todos os líquidos de traballo das unidades de lixiviado, permeado e produtos químicos, así como depósito e torres de desgasificación e caudalímetros, tanto na entrada do lixiviado como na saída do permeado cara ao tanque correspondente e saída deste cara á arqueta de control (punto de vertedura á canle, único para as dúas depuradoras), onde se instalarán un pHmetro e un analizador de amonio en continuo.

Así mesmo, contarán cun sistema de bombas de aspiración do lixiviado que se vaia depurar desde as balsas, que pasará polas distintas etapas de filtrado para obter o permeado que, como non podía ser doutra forma, deberá cumprir coas condicións de vertedura (que son as indicadas na autorización ambiental integrada), e posteriormente será almacenado nun depósito de volume non inferior a 10 metros cúbicos, desde o cal se poderá verter á canle pública ou ben ser reutilizado no proceso de depuración como achega de auga para as limpeza e rexeneracións que puidesen ser necesarias.

As depuradoras permitirán controlar en continuo, e de forma automática, pH, presións, caudais, condutividade, niveis en tanques e temperaturas, así como todos aqueles aspectos necesarios para a obtención de datos, en tempo real, do seu funcionamento.

As plantas estarán equipadas cun sistema de seguridade que permitirá a súa autoprotección fronte a unha parada intempestiva.

En todo caso, trátase de equipos de depuración que non se atopan no mercado como tales, que se fabricaron en exclusiva para as instalacións de Sogama, conforme ás especificacións técnicas establecidas por esta empresa pública.

A LEI DE ESPECTÁCULOS DE GALICIA AXILIZARÁ OS TRÁMITES PARA ORGANIZAR EVENTOS E ABRIR ESTABLECEMENTOS

- *A norma establece a simple comunicación previa como habitual, aínda que mantén o réxime de autorización para actividades que poden supoñer maior risco*
- *A Xunta buscou o máximo consenso na elaboración do texto, que foi presentado aos distintos colectivos, institucións e asociacións implicados*
- *O texto establece un marco homoxéneo en materia de espectáculos para toda Galicia e favorece a descentralización cara os concellos de parte das decisións*

O Consello da Xunta analizou hoxe o anteproxecto de Lei de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, unha norma que vén a cubrir un baleiro normativo do ordenamento xurídico galego e que ten unha clara vontade simplificadora e facilitadora dos trámites aos interesados, de xeito que se axiliza o procedemento e se minimizan as trabas que puideran condicionar en exceso a apertura dun establecemento público ou a organización dun espectáculo ou actividade recreativa.

Segundo se destaca no informe levado hoxe a Consello polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, unha das novidades da lei é establecer a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa para a apertura de establecementos ou a celebración de espectáculos, sen reducir a seguridade e a calidade dos mesmos, xa que se establece obrigas ás Administracións en canto á verificación e control dos espectáculos e das actividades reguladas no texto. Ademais, mantense o réxime de autorización ou licenza municipal para supostos que presentan maior nivel de risco, en razón do aforo ou das condicións técnicas.

Así, esíxese licenza ou autorización para a apertura de establecementos ou actividades que se desenvolvan en establecementos públicos cun aforamento superior a 500 persoas. Tamén serán precisos permisos para a instalación de terrazas ao aire libre, para a celebración de espectáculos que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles, para actividades que se desenvolvan en máis de un concello e para a celebración de espectáculos taurinos, entre outros.

No caso contrario, a lei tamén establece certas actividades que quedan exentas da licenza e incluso da necesidade de comunicación previa, como son a apertura

de establecementos públicos que son de titularidade do propio concello espectáculos organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares e as actividades de interese artístico ou cultural cun aforo inferior a 100 persoas, entre outras.

Outras novidades

A lei parte da competencia autonómica para a determinación do horario xeral dos establecementos e dos espectáculos, que será desenvolvido mediante unha orde posterior. Malia isto, reserva a competencia municipal para autorizar ampliacións ou reducións sobre o horario xeral e na orde antes mencionada poderanse establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre os horarios xerais de apertura e peche.

Outro dos aspectos que regula a nova normativa é o das inspeccións, que poderán ser realizadas polos membros dos corpos e forzas de seguridade, polos membros dos departamentos con competencias en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e polos membros doutos departamentos da Administración no exercicio das súas competencias.

En canto ás sancións, realizaranse en función da gravidade da infracción. Así, a competencia para sancionar por infraccións moi graves correspóndelle á Xunta, mentres que os concellos serán os responsables dos expedientes sancionadores por infraccións leves e graves cometidas no seu territorio. No caso de que os concellos non actúen ante as denuncias dos cidadáns ou as derivadas das actuacións de inspección, a Xunta asumirá a incoación, instrución e resolución destes procedementos sancionadores.

Prazos da lei

O Goberno galego, que en todo momento buscou o máximo consenso na elaboración da norma e para iso, ademais de ser sometida a información pública como é preceptivo, foi presentado a distintos colectivos, asociacións e sectores que teñen a ver coa normativa.

Nese sentido, o anteproxecto foi remitido ás distintas consellerías da Xunta de Galicia, da Federación Galega de Municipios e Provincias, da Federación de Empresarios de Salas de Festa, de distintas asociacións de bares e cafeterías, da

Confederación Galega de Asociacións Veciñais, da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE) e da Asociación Galega de Empresas Musicais, entre outros.

O Consello da Xunta analizou hoxe o texto unha vez xa recolleu as alegacións e suxestións destes colectivos, e agora segue a súa tramitación, co obxectivo de que se aprobe definitivamente polo Goberno galego e sexa enviado ao Parlamento a comezos de 2014, para que entre en vigor ese mesmo ano.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 3 MILLÓNS Á ACTIVIDADE INNOVADORA E AOS RECURSOS HUMANOS DOS CENTROS TECNOLÓXICOS CONSOLIDADOS E DOS CENTROS DO CSIC EN GALICIA

- *A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, resolve a convocatoria á que concorreron os cinco centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia*
- *Proximamente será asinado tamén o convenio que resolve o financiamento outorgado pola Xunta aos centros en Galicia do CSIC*
- *O financiamento concederáse mediante contratos-programa que permitirán reforzar o funcionamento dos centros á marxe de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos*
- *Esta liña de actuación reforza a aposta da Consellería polos organismos de investigación galegos aos que leva destinados este ano 40 millóns tanto a través de axudas directas como dos programas Feder-Innterconecta e Conecta-Peme*

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, mellorando deste xeito a competitividade do tecido produtivo galego, resolveu a convocatoria de axudas para os centros tecnolóxicos galegos consolidados, e destinou preto de 2,4 millóns de euros ao seu financiamento estable, é dicir, non dependente de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos. Ademais, proximamente será asinado o contrato-programa co Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) polo que o Goberno galego apoia a actividade dos seus centros en Galicia con 400.000 euros.

Na orde relativa aos centros tecnolóxicos, os beneficiarios, que se presentaron á convocatoria competitiva aberta este verán son os cinco centros galegos que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía e Competitividade. O Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) conseguiu máis de 687.000 euros; a Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste (Aimen) logrou case 600.000; o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient) fíxose con máis de 404.000; Anfaco-Cecopesca recibirá máis de 330.000, e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) máis de 317.000.

A través destes acordos a Xunta contribúe a que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes capacitados para captar e reter o talento galego. Unha aposta que persegue o óptimo funcionamento dos centros, consolidando o seu gran potencial para xerar coñecemento transformable en innovación mediante a súa valorización no mercado. O acceso a fondos de carácter estrutural, que permiten manter un elevado nivel competitivo nos seus recursos humanos e materiais, é fundamental para que estes centros cumpran o seu labor no Sistema galego de innovación.

Así, as axudas ligadas a estes contratos-programa non só posibilitan o financiamento de equipamentos, investimentos ou subcontratacións, senón que resultan unha vía fundamental para a retención de capital humano mediante actuacións que facilitan a contratación, consolidación e formación de persoal investigador.

Os requisitos para o acceso a este financiamento están baseados en exixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, polo tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e o crecemento da economía galega. Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos.

Os contratos-programa cos centros tecnolóxicos serán obxecto de anticipos por valor do 50% do total das axudas. Isto ten por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+i, permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

Apoio aos centros do CSIC

Nesta mesma liña, a Xunta asinará en breve o contrato-programa que destina 400.000 aos centros que o CSIC ten na comunidade: a Misión Biolóxica de Galicia, o Instituto de Investigacións Mariñas, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, o Centro de Supercomputación de Galicia, o Instituto de Ciencias do Patrimonio e a Sede Atlántica da Unidade de Tecnoloxía Mariña.

O acordo co CSIC prevé o uso do financiamento na potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico-técnica e, sobre todo, a formación, captación e retención de talento. Deste xeito, entre as actuacións que se financiarán figuran a contratación de investigadores e accións de mobilidade para o persoal dos centros. Tamén se prevé de modo prioritario a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación e o incremento da captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar a investigación realizada en Galicia no Espazo Europeo de Investigación.

Esta liña de actuación reforza a aposta da Consellería de Economía e Industria polos diferentes organismos tecnolóxicos e de investigación galegos, aos que leva destinados este ano de 40 millóns de euros a través das axudas directas para a súa consolidación, pero tamén dos programas para empresas que exixen a súa contratación como o Feder-Innterconecta e o Conecta-Peme.

Neste contexto, a Consellería de Economía e Industria dedica 4,5 millóns de euros a contratos-programa con centros tecnolóxicos e de investigación galegos e estatais radicados en Galicia. Este innovador programa de axudas enmárcase na aplicación da Estratexia Estatal de Innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema Galego de I+D+i. A vinculación dos contratos-programa á e2i supón a blindaxe económica desta liña de actuación ata 2015, aínda que a Xunta ten intención de darlle continuidade máis alá dese exercicio como instrumento estratéxico de apoio á actividade dos centros de coñecemento.

Os contratos-programa terán continuidade en vindeiras anualidades, nas que os indicadores que rexerán a competencia estarán xa aliñados coa Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) que Galicia debe deseñar para ter acceso aos fondos estruturais europeos no período 2014-2020. Nesta estratexia quedarán establecidos os sectores e os ámbitos de especialización con maior potencial innovador e de crecemento para Galicia.

A ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS LEVA FORMADOS PRETO DE 10.000 ALUMNOS

- *A Escola naceu en novembro de 2009 co obxectivo de formar en autocoidados pacientes con enfermidades crónicas e os seus familiares e coidadores*
- *O seu obxectivo é fomentar a participación dos galegos no sistema sanitario e na mellora da súa saúde*
- *A Escola, a través do Consello Asesor de Pacientes, detecta as necesidades de formación de asociacións de pacientes e cúbreas*
- *Desde a súa creación, realizáronse 415 talleres formativos baseados en diferentes áreas temáticas con ao redor de 1.600 horas lectivas*
- *O 88,7% dos alumnos amosáronse moi satisfeitos e o 88,6% considera moi alta a aplicabilidade do aprendido*

A Escola Galega de Saúde para Cidadáns, organismo dependente do Servizo Galego de Saúde, leva formados 9.902 alumnos no período que vai desde comezos de 2010 ata xuño do presente ano.

A Escola naceu en novembro de 2009 co obxectivo de formar en autocoidado pacientes con enfermidades crónicas e os seus familiares e coidadores, favorecendo a participación cidadá na mellora do sistema de saúde, e facilitando a información necesaria para mellorar a súa seguridade e calidade de vida.

Contando coas asociacións de pacientes

A participación das asociacións de pacientes, profesionais e todos aqueles que asisten ás actividades realizadas confirman a boa aceptación da Escola desde a súa inauguración ata hoxe. Por este motivo, seguirá a traballar para que actúen como axentes clave para asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario, sendo o paciente o eixe del e contando cos profesionais para acadar un marco de confianza.

A través da Escola realízanse un gran número de actividades formativas tanto presenciais como en liña, dirixidas aos pacientes, familiares, coidadores, membros de asociacións e cidadáns en xeral. Así, desde a súa creación, realizáronse 415 talleres formativos baseados en diferentes áreas temáticas con ao redor de 1.600 horas lectivas. Nestes talleres, que foron impartidos por 830 profesionais expertos nas áreas que se trata, formáronse os anteditos 9.902 alumnos.

Tamén se levaron a cabo 46 foros do *Experto Responde*, no que os pacientes, familiares e poboación xeral interactuaron con profesionais sanitarios e pacientes expertos, en tempo real e a través da Internet, sobre materias sanitarias como enfermidades raras, glaucoma, autismo, párkinson e outras patoloxías crónicas de interese xeral.

Ademais, leváronse a cabo 29 sesións clínicas no marco dos *Diálogos cos Pacientes*, ás que acudiron 949 profesionais. Nestas sesións as asociacións de pacientes definiron e difundiron recomendacións para dar a primeira noticia da síndrome de Down, así como para a atención sanitaria aos pacientes con trastorno do espectro autista e trastornos asociados.

Cómpre subliñar a satisfacción global coa actividade realizada pola escola, posto que o 88,7% das alumnas e alumnos amosáronse moi satisfeitos, e o 88,6% considera moi alta a aplicabilidade do aprendido. Hai que remarcar, tamén, que a cualificación dos docentes acadou o 9,2 nunha escala de 0 a 10, e que o número de visitas á web da escola (<http://www.sergas.es/EscolaSaude>) supera xa as 200.000.

A Escola Galega de Saúde para Cidadáns recibiu o primeiro premio á mellor iniciativa no Congreso da Sociedade Española de Atención ao Usuario da Sanidade, celebrado en 2010, e o primeiro premio á mellor iniciativa no Congreso da Sociedade Española de Calidade Asistencial que tivo lugar no ano 2011.

Este proxecto está sendo replicado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da creación dunha Rede Nacional de Escolas de Saúde, da que a Escola Galega forma parte desde o comezo como membro fundador.